

O feudalismo

O termo feudalismo ten sido obxecto dun longo amplo debate historiográfico, tanto respecto do seu contido (organización político-institucional ou estrutura socioeconómica) como verbo da súa presenza (ou non) no territorio peninsular. Non obstante, boa parte dos historiadores actuais tenden a sinalar como trazos característicos do sistema feudal os seguintes:

- A **fragmentación da autoridade política** en cada reino, consecuencia dun proceso de patrimonialización das funcións públicas por parte dos vasallos do monarca.
- A **importancia das relacións de dependencia persoal** que vinculan, por unha banda, a señores e vasallos e, pola outra, á maioría da poboación cunha minoría privilexiada (nobres, institucións eclesiásticas).

Aínda que se adoita sinalar antecedentes que se remontan á crise do Imperio romano ou á formación do reino hispanovisigodo, o **sistema feudal** semella consolidado nos reinos peninsulares dende o século XI. Foise estendendo espacialmente ata o século XIII consonte avanzaba a conquista cristiá. Dominou toda a Idade Media e moitos dos seus compoñentes mantivéronse ata o triunfo da revolución liberal a comezos do século XIX.

Dende unha perspectiva territorial, a feudalización presentou **trazos diferentes** en función do medio físico, das tradicións locais, da autoridade efectiva dos monarcas e do poder da nobreza. Coa excepción dos condados cataláns, vinculados á tradición franca, a monarquía dos reinos hispano-cristiáns foi, polo menos ata o século XIII, unha institución relativamente poderosa. A isto contribuíron a tradición gótica e, sobre todo, a enorme cantidade de terras e riquezas obtidas polos reis como resultado dos avances sobre as terras de Al Ándalus.

A monarquía feudal.

As alianzas entre as distintas dinastías peninsulares, consagradas por vía matrimonial, a confrontación entre elas e a participación na expansión cara o sur provocaron entre os séculos XI e XIII á **concentración dos numerosos reinos e señoríos** existentes nunhas poucas mans: as Coroas de Castela e Aragón e os reinos de Navarra e Portugal. O exercicio da autoridade nestas entidades responde en termos xerais ás características das chamadas **monarquías feudais**:

- Unha **soberanía real limitada**: o rei tiña en teoría o poder supremo, concedido por Deus. Era o señor de tódolos habitantes do reino. Na práctica o alcance do seu poder estaba limitado pola autonomía dos señoríos e polos privilexios da nobreza, do clero e dos municipios.
- O **carácter patrimonial e hereditario do reino**: este era considerado propiedade do monarca, quen o recibía e o transmitía en herdanza podendo mesmo dividilo entre os seus sucesores. No século XIII impúxose a indivisibilidade do reino, que debía ser



transmitido integro en prol do primoxénito. Na Coroa de Castela, as normas sucesorias permitían que, en ausencia de varóns, puidesen reinar as mulleres. En Navarra e Aragón, as mulleres non podían herdar o trono pero si transmitir os dereitos sucesorios á súa descendencia masculina.

- A **importancia das relacións feudo-vasaláticas**: como señor supremo do reino, o monarca podía entregar feudos (terras, dereitos) aos seus súbditos máis sobranceiros, sempre nobres, en troques da prestación de fidelidade e de servizos persoais de carácter militar (*auxilium*) ou cortesán (*consilium*). Pola súa banda, os grandes señores podían establecer ligazóns semellantes cos seus fieis, o que configuraba unha trama xerarquizada de relacións de lealdade privadas que percorría toda a sociedade.

O rei era a figura central do goberno. Asistían ao rei no seu labor diversas **institucións**. A **Corte** ou **Curia rexia**, herdeira da Aula Rexia visigótica e antecedente do futuro **Consello Real**, era un órgano consultivo que incluía regularmente a familiares do monarca e a compoñentes do seu séquito persoal (*mordomo*, *alférez*, *chanceler*...). Cando a importancia das cuestións a tratar o requiría, incorporábanse á Curia os grandes nobres e as altas xerarquías eclesiásticas do reino. Co renacemento urbano acontecido a partir do século XI e o parello aumento da riqueza e da influencia dos burgueses, foron chamados a formar parte da Curia rexia os representantes das cidades. Naceron así as **Cortes**, institucións representativas dos estamentos privilexiados (nobreza e clero) e da oligarquía urbana. O primeiro destes parlamentos medievais reunido en Europa foron as Cortes do reino de León, convocadas por Afonso IX no 1188. Seguíronlle no século XIII, por esta orde, as de Cataluña (1214), Aragón (1247), Castela (1250), Portugal (1254), Navarra (1274) e Valencia (1283).

Durante a Baixa Idade Media, a creación das **Audiencias**, tribunais reais, nos diferentes reinos peninsulares completou o entramado institucional das monarquías feudais peninsulares.

Na **Coroa de Castela** avanzou máis a homexeneización xurídica do territorio e os límites ao poder real eran máis laxos. As Cortes tiñan funcións fundamentalmente consultivas e fiscais. Reuníanse cando o rei as convocaba e limitábanse a votar as solicitudes de subsidios por el realizadas. Pola contra, na **Coroa de Aragón**, cada un dos tres reinos constituíntes (Cataluña, Aragón, Valencia), mantivo as súas institucións (Cortes, concellos) e leis particulares (foros). O poder real estaba limitado polos privilexios forais, que o monarca xuraba respectar, e polas Cortes, que se reunían periodicamente, votaban as peticións económicas do monarca e podían participar na aprobación das leis. Ademais, contaban con órganos permanentes (a *Generalitat* en Cataluña e Valencia, a Deputación Xeral e o Xustiza Maior en Aragón) que velaban polo cumprimento dos acordos das Cortes o polo respecto aos foros por parte do rei. Por todo isto, tradicionalmente

Reunión das Cortes catalás presidida polo rei Afonso IV de Aragón en 1333 segundo unha miniatura dos Usatges de Barcelona



[Dominio público], Wikimedia Commons

compárase o suposto **carácter autoritario da monarquía castelá** co **carácter pactista da aragonesa**.

O réxime señorial.

Todas as aldeas, vilas e cidades dos reinos peninsulares máis os seus habitantes formaban parte dalgún **señorío**. En xeral, os dominios señoriais estaban formados por un conxunto de parcelas e explotacións máis ou menos dispersas traballadas por campesiños (libres ou servos) a cambio do pago dunhas rendas, os chamados **mansos**. Subsistiron, non obstante, as propiedades campesiñas libres (*alodios*). O señorío incluía tamén a **reserva dominical**, que abranguea as terras de cultivo explotadas ben con traballo servil ben coas obrigas impostas aos campesiños, a residencia do señor, prados e pastos. Durante o século XIII, en Extremadura e Andalucía, a repoboación deu orixe a grandes señoríos constituídos por latifundios.

As **rendas señoriais** podían obterse mediante prestacións en traballo (*corveas*, *senras*), en especie ou en metálico. Ademais, con frecuencia, os señores foron apropiándose dos bens de uso comunal (montes, pastos, augas) das aldeas e impuxeron canons polo aproveitamento destes recursos que antes foran libres. Tamén podían esixir pagos polo uso de certos monopolios señoriais (*banalidades*) sobre fornos, forxas, muíños, lagares, etc.

Os señoríos levaban aparelados dereitos sobre as terras (**señorío territorial**) e/ou autoridade sobre as persoas (**señorío xurisdiccional**). Se o titular do señorío era o rei denominábase **reguengo**. Se este era una institución eclesiástica chamábase **abadengo**. Se o señor era un nobre laico, calificábase o señorío de **solariego**. Nos municipios urbanos, os concellos exercían unha caste de **señorío colectivo** sobre o seu alfoz.

A sociedade estamental.

No mundo feudal, as desigualdades sociais tiñan unhas bases xurídicas (os privilexios dos que gozaban algúns grupos), ideolóxicas (as diferentes funcións que a orde divina lles atribuíu) e materiais (a riqueza, sobre todo territorial). Polo tanto, a sociedade cristiá medieval foi unha **sociedade estamental**, os individuos agrupábanse en ordes, estados ou estamentos. Fronte ás minorías privilexiadas, nobreza e clero, a inmensa maioría, a xente do común, o pobo, a penas tiña máis ca obrigas.

A nobreza.

Os **nobres**, que se arrogaban a misión da defensa da sociedade coas armas na man (*defensores*, *bellatores*, *milites*), situábanse no cumio desta sociedade. Ficaban exentos do pago de impostos directos, estaban sometidos a foros e tribunais particulares e gozaban do acceso ás

Representación dos tres ordes da sociedade medieval nunha miniatura francesa do s. XIII



[Dominio público], Wikimedia Commons

doazóns e ás mercedes reais. Compartían tamén uns valores asociados á liñaxe (avoengo, honra, poderío).

Distaban, sen embargo, de constituír un grupo homoxéneo. A **alta nobreza** (*ricos hombres* en Castela, *barones* en Aragón) dispuña de amplos dominios territoriais, traballados por campesiños dependentes, que xeraban cuantiosas rendas. Pola contra, a **baixa nobreza** (*cabaleiros, infanzóns, fillosdalgo*) posuía case sempre máis honra que facenda ou rendas.

O clero.

Os **oratores**, adicados a procurar a salvación da sociedade por medio da oración, dispuñan dos mesmos privilexios fiscais e xurídicos. A Igrexa dispuña dun amplo patrimonio, acrecentado por mercedes e doazóns, e dunha sólida organización xerárquica, que alcanzaba dende as dióceses urbanas ata a última aldea campesiña por medio das parroquias. A hexemonía espiritual e o control social que exercía sobre o conxunto da poboación consolidaban o seu poder.

O clero era tamén un estamento moi variado. O **clero regular** (frades, monxas), formado por aqueles que vivían en comunidade sometidos a unha regra monástica, distinguíase do **clero secular** (bispos, presbíteros, diáconos), que presta o seu servizo entre os comúns. O elitista **alto clero** (bispos, abades, mestres das ordes militares), recrutado maioritariamente nas filas da nobreza, disfrutaba da meirande parte das rendas eclesiásticas. O **baixo clero** estaba moito máis próximo aos sectores populares.

Un cerralleiro no seu obradoiro artesán segundo un gravado alemán do século XV



[Dominio público], dende Wikimedia Commons.

A maioría non privilexiada.

Os **laboratores** constituían a maioría da poboación, estaban sometidos á lei común e pagaban impostos (*pecheros*). No orgánico modelo tripartito da sociedade medieval correspondíalles a misión de garantir co seu traballo o sustento da sociedade.

A meirande parte deles eran **campesiños**. Dentro deste amplo colectivo había notables diferencias no tocante á riqueza e á dependencia respecto dos grandes señores. Moí poucos eran labradores abastados, algúns eran donos de pequenas propiedades. Moitos traballaban terras alleas, propiedade de grandes señores laicos e eclesiásticos. Semella que entre os séculos XI e XIII diminuíu notablemente o número de campesiños libres mentres medraba o dos que entraban en dependencia. Esta situación era especialmente grave para os chamados *mezquinos* en Aragón ou para os *pagesos de remença* da Cataluña Vella, sometidos aos chamados *malos usos*, entre eles a *remença*, rescate que debían pagar para abandonar as terras do seu señor.

O renacemento urbano dos séculos XI-XIII, ligado ao crecemento das actividades manufactureiras e dos intercambios comerciais, impulsou a aparición de novos grupos sociais en cidades e vilas. Mercadores, artesáns, menestrais, etc. formaban o colectivo dos **burgueses**, cualificativo referido en principio a tódolos habitantes dos burgos. A súa puxanza manifestouse na creación das **confrarías de oficios**, asociacións de persoas dunha mesma actividade profesional

creadas baixo a advocación dun santo patrón para determinados fins relixiosos e asistenciais. A partir do século XIII, algunhas destas entidades converteríanse en **gremios**.

As desigualdades no seo da poboación das cidades fóronse visibilizando axiña. Dende o século XIII, unha **oligarquía urbana** (*caballeros patricios* en Castela, *ciutadans honrats* en Cataluña) foi concentrando nas súas mans o poder económico e político. A través dos concellos ían monopolizar a representación dos comúns nas nacentes Cortes. Fronte a ela, as maioritarias **clases populares urbanas** (o *común* en Castela e León, o *mà menor* en Cataluña), víronse apartadas do poder gremial e municipal.

Criterios étnicos e relixiosos caracterizaron a **marxinación** de certos colectivos. Esta era a situación da **minoría mudéxar**, numerosa nos vales do Texo e do Guadalquivir, en Murcia, Aragón e Valencia. Habitaban sobre todo en áreas rurais como campesiños sometidos a situacións de acusada dependencia respecto dos seus señores. Pola contra, os **xudeus** residían maioritariamente nas cidades adicados a modestas actividades artesanais e comerciais. Algúns exerceron profesións liberais (medicina, dereito) e uns poucos destacaron no eido das finanzas, colaborando con reis e señores na recadación de tributos e actuando como prestamistas. A tolerancia respecto destes colectivos foise degradando. Os mudéxares foron expulsados do val do Guadalquivir por orde de Afonso X tras a revolta de 1264. Os xudeus, segregados en barrios específicos (*alxamas* ou *xuderías*), foron obxecto dunha crecente hostilidade popular, aguilloada por predicadores cristiáns, que estalou en persecucións e matanzas durante o século XIV.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GARCÍA DE CORTÁZAR, J.A.: *La época medieval*, en ARTOLA, M. (dir), *Historia de España*, vol. 2, Madrid, Alianza Editorial, 2004.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- LADERO QUESADA, M.A.: *La formación Medieval de España*, Madrid, Alianza Editorial, 2014.
- VALDEÓN BARUQUE, J.: *La España medieval*. Madrid, Ed. Actas, 2003.